

## PROPOSTA PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA

A [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) dispónse a conmemorar un ano máis o **Día de Rosalía de Castro**. O 23 de febreiro, aniversario do nacemento da autora, esta entidade propón á cidadanía que agasalle un libro en galego e unha flor, alén doutras accións que contan con grande aceptación e impulso por parte da sociedade, e moi especialmente polo sector educativo, como se pode comprobar no [arquivo audiovisual e de imaxes da nosa web](#).

Por iso, para expandir o poder da súa palabra entre a xente nova, a AELG convida a celebrar o Día de Rosalía de Castro nos centros de ensino con estas accións colectivas de difusión da súa obra, ideadas a partir do manifesto da AELG no Día de Rosalía de Castro, creado nesta ocasión polo escritor Carlos Callón, e que incluímos ao final desta comunicación:

### PROPOSTA ABERTA PARA OS CENTROS DE ENSINO

#### **O lema é: #oamordapatriagalega**

Esta é a proposta que enviamos para 2024, mais en todo caso, está sempre aberta a que poidades complementala desde as perspectivas que sexan da vosa consideración.

#### **Educación Infantil e Primeiro ciclo de Educación Primaria**

Le este versos de Rosalía na clase e elabora un debuxo co que che inspiren:

Que feira, rapaza,  
si cantas faremos...!  
Festiña por fóra,  
festiña por dentro. (...)

Así mo pediron  
na beira do mar,  
ao pé das ondiñas  
que veñen e van.

Así mo pediron  
na beira do río  
que corre antre as herbas  
do campo frorido.

Cantaban os grilos,  
os galos cantaban,  
o vento antre as follas  
runxindo pasaba.

Campaban os prados,  
manaban as fontes  
antre herbas e viñas,  
figueiras e robres.

Elaborade unha colaxe cos debuxos.

## **Segundo e Terceiro ciclo de Educación Primaria**

Le o poema “Adiós ríos, adiós fontes”, que é a despedida dun home que ten que deixar o lugar onde naceu para procurar traballo lonxe. A persoa que se expresa neses versos é consciente de que probabelmente non poida voltar nunca ao seu país e que vai ter difícil comunicarse de novo cos seus seres queridos: é unha despedida para sempre. Rosalía quixo, a través de poemas coma ese, que se falase de problemas que afectaba a moitas galegas e moitos galegos sen poder e sen diñeiro.

- Le o poema como se foses unha actriz / un actor, dándolle a emoción que hai detrás das palabras.
- Repara na estrutura do poema: son versos de 8 sílabas; a maioría das estrofas son de 4 versos e teñen rima asonante só os versos pares. Tenta facer un poema con esa mesma estrutura, para falar dun problema actual de Galiza, como faría Rosalía se vivise en 2024.
- Atrévete a aprender o poema! Vaste sorprenderte co fácil que é memorizar estes versos se lles dedicas un tempinho. A escritora elaborou este texto cun ritmo e unha musicalidade que axudan moito á aprendizaxe..

Desde a AELG, convidamos á comunidade educativa a que se implique de forma activa nesta festa que celebra o nome e a obra da poeta maior de Galicia, chave mestra da nosa literatura e da nosa conciencia como pobo.

Recíbide un saúdo cordial en nome do Consello Directivo da AELG,  
Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente,  
Beatriz Maceda Abeleira, vicepresidenta.

## **Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 2024**

### ROSALÍA: O AMOR DA PATRIA GALEGA

Hai século e medio, unha moza con pouco máis de vinte anos mudou a Historia. Iso de mudar a Historia non é cousa que aconteza todos os días. Ela era consciente de que os seus libros abrían camiños, que con eles “levantaba unha bandeira” da que non ía desertar. De feito, este recanto do mundo chamado Galiza non é o mesmo após Rosalía de Castro. Hai un antes e un despois.

As palabras que lanzou abriron moitos ollos e calmaron moitas sedes. Non é difícil decatarse da sequidade nos beizos desa cultura silenciada por xeracións e xeracións, mesmo con violencia. Na escola —nunca o esquezamos—, a rapazada que usaba a lingua de Follas novas era castigada vilmente.

As palabras de Rosalía dábanlle dignidade e sentido á fala do pobo galego e ás súas vidas sen nome. As traballadoras e os traballadores conseguían un espello para pensar e un altofalante para denunciar os abusos que padecían:

*Por xiadas, por calores,  
desde que amañece o día  
dou á terra os meus sudores  
mais canto esta terra cría,  
todo... todo é dos señores.*

As mulleres, condenadas desde o berce a unha cadea perpetua de explotación e mudez, gañaban o dereito á palabra:

O que me conmoveu sempre, e polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres (...). No campo compartindo metade por metade cos seus homes as rudas faenas, na casa soportando valerosamente as ansias da maternidade, os traballos domésticos e as arideces da probeza. Soias o máis do tempo, tendo que traballar de sol a sol, e sin axuda pra mal manterse (...).

Diversas formas de amar e de vivir a sexualidade (o que hoxe chamamos LGBTQ) sobardaban as censuras:

*Solo a virxe é máis hermosa  
que eres ti, bendita santa,  
i o teu rostro pelegrino,  
o temido demo espanta.*

*De ti, vivo namorada,  
en ti penso con fervore.  
Que eu ben sei que che contenta  
este puro e santo amore.*

*Quen poidera...! Quen poidera...!  
Xunta ti vivir segura,  
manantial que mel derrama  
pura fonte de ternura!*

E Galiza, a quen ela, a pesar de tantos ataques, sempre defendeu con perseveranza como a súa "patria", forxaba as chaves para soñar un mañá diferente:

*Probe Galicia, non debes  
chamarte nunca española,  
que España de ti se olvida  
cando eres, aí!, tan hermosa.*

"O amor da patria me afoga", escribiu na obra con que inaugurou a literatura galega contemporánea. O seu inmenso segundo libro no noso idioma vai dedicado ás persoas que se organizaban "volvendo para a súa patria os ollos e o corazón". A patria galega, sempre a patria galega no centro dos seus desacougos, tamén na súa obra en castelán:

*...que es el silencio hermano de la muerte  
y yo no quiero que mi patria muera,  
sino que como Lázaro, ¡Dios bueno!,  
resucite a la vida que ha perdido,  
y con voz alta que a la gloria llegue,  
le diga al mundo que Galicia existe.*

Ese amor que ela aqueceu e proxectou é un alento que aínda hoxe mapea horizontes, abre porvires e renace día a día en cada persoa que levanta a cabeza para que Galiza exista, nun mundo mellor, diverso e igualitario. Un mundo, en fin, máis rosaliano.

Carlos Callón  
Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)  
#\_rdc2024 #oamordapatriagalega

---

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega  
Avda. Alfonso Molina, 90, Edif. de Sindicatos, 8º  
15008 - A Coruña  
981 133 233 / 696 581 971  
[oficina@aelg.org](mailto:oficina@aelg.org)

[aelg.gal](http://aelg.gal)  
[axendacultural.aelg.gal](http://axendacultural.aelg.gal)  
[facebook.com/aelg.org](https://facebook.com/aelg.org)  
[twitter.com/aelg](https://twitter.com/aelg)

Horario  
De luns a venres, de 10:00 a 14:00